

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 3025** Orde FOM/389/2010, do 8 de febreiro, de corrección de erros da Orde FOM/3376/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde do 21 de marzo de 2000, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos avións civís.

Advertidos erros na Orde FOM/3376/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde do 21 de marzo de 2000, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos avións civís, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 302, do 16 de decembro de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 114, número 9 do apéndice 1 do JAR-FCL 1.205, onde di: «... non se realizarán nun FNPT I máis de 10 horas de tempo de instrumentos en terra nun FNPT II ou en simulador de voo», debe dicir: «... das horas de tempo de instrumentos en terra en FNPT II ou en simulador de voo, poderán realizarse nun FNPT I non máis de 10».

Na páxina 114, número 10 do apéndice 1 do JAR-FCL 1.205, onde di: «... non se realizarán nun FNPT I máis de 10 horas de tempo de instrumentos en terra nun FNPT II ou en simulador de voo», debe dicir: «... das horas de tempo de instrumentos en terra en FNPT II ou en simulador de voo, poderán realizarse nun FNPT I non máis de 10».

Na páxina 123, número 1 da letra b) do JAR-FCL 1.215, onde di: «... de acordo coa lista de clases de avións», debe dicir: «... de acordo cos procedementos administrativos asociados aceptados polas JAA».

Na páxina 124, número 1 da letra c) do JAR-FCL 1.220, onde di: «... de acordo coa lista de tipos de avións», debe dicir: «... de acordo cos procedementos administrativos asociados aceptados polas JAA».

Na páxina 127, número 8 da letra a) do JAR-FCL 1.240, onde di: «Estado non membro das JAA», debe dicir: «Estado membro das JAA».

Na páxina 170, ao final do JAR-FCL 1.330 falta engadir «(h) A emisión e renovación dunha habilitación de piloto agroforestal, sempre e cando o instrutor sexa titular da habilitación correspondente á instrución que vaia impartir, e acredite un mínimo de 500 horas de voo como piloto de avión e 200 horas de voo en avión como piloto ao mando en actividades agroforestais, das cales un mínimo de 50 horas serán de voo na actividade que vaia impartir instrución».

Na páxina 172, ao final do número 1 da letra a) do JAR-FCL 1.355, falta engadir: «Se deben ser revalidadas as atribucións para instruír en actividades agroforestais, de acordo coa habilitación que se posúa, das 100 horas, non menos de 50 deben ser realizadas en actividades agroforestais, das cales non menos de 15 serán realizadas dentro dos 12 meses precedentes á expiración da habilitación FIAF».

Na páxina 172, ao final da letra c) do JAR-FCL 1.355, falta engadir: «No caso de renovación das atribucións do JAR-FCL 1330 (h), a verificación de competencia incluírá os aspectos relevantes da actividade agroforestal».

Na páxina 199, ao final do JAR-FCL 1.435, falta engadir: «(c) A proba de pericia e verificación de competencia para a emisión, renovación ou revalidación dunha habilitación de piloto agroforestal (AF/AFSI), sempre e cando o examinador sexa titular da habilitación correspondente ás probas e verificacións que vaia realizar e acredite un mínimo de 1.000 horas de voo en avión, das cales non menos de 500 horas deberán ser como piloto ao mando en operacións agroforestais que inclúan 200 horas de instrución, das que un mínimo de 50 horas serán da actividade para a cal se vaian realizar as probas e verificacións».

Madrid, 8 de febreiro de 2010.—O ministro de Fomento, José Blanco López.